

NORMAS ESPECÍFICAS PAIS, NAIS E TITORES CURSO 2020 2021

- Non leves ao teu fillo ao centro:

- Si presenta síntomas compatibles co COVID 19 (febre, sensación de falta de aire, diminución de olfato e de gusto, escalofríos, dor de garganta, dor de cabeza,...). Contacta co seu pediatra e segue as instrucións que che marque. Informa sempre ao colexio.
- Tampouco o leves ao colexio si se atopa en período de corentena domiciliaria por ter contacto con algunha persoa con síntomas ou diagnosticado de COVID 19 aínda que estea san.
- Non o leves ao colexio se ten contacto estreito con algún membro da familia que teña algún síntoma relacionado co COVID19 aínda que non fose diagnosticado como contaxio.
- O alumno que sexa especialmente vulnerable pola súa condición sanitaria diagnosticada (diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas,...) poderán acudir ao colexio, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo medidas de protección rigorosa. Informa sempre ao centro de todos os datos relevantes que poidan ter importancia no seu tratamento especial como persoa vulnerable.
- Tómalle a temperatura e revisa os síntomas que poida ter antes de traelo cada o día ao centro. Avisa ao centro en todo momento dos pequenos cambios que poida ter o teu fillo no referente a súa saúde.

- Accesos e horarios:

- Le con atención os horarios de entrada e saída previstos no Plan COVID do centro. Cumpre en todo momento estes horarios. Será moi importante a puntualidade sendo necesario unha causa xustificada, por escrito, para poder acceder ao centro fora deste horario.
- Os pais non poderán acceder ao centro non sendo por causa expresamente xustificada e solicitada de maneira previa.
- Le os percorridos e as entradas e saídas do seu fillo expostas no Plan COVID para saber onde e en que horario debes deixar e recoller ao seu fillo.
- Evita sempre pararte en zonas de entrada e saída de alumnado así como en lugares próximos ao centro para evitar aglomeracións.
- Como en anos anteriores, non estará permitido deixar patinetes, cadeiras de bebe, patíns ou calquera outro elemento de mobilidade dos alumnos no centro.

- Normas xerais:

- Recorda todos os días aos seus fillos que deben chagar ao centro con todo o material necesario para o desenvolvemento da xornada lectiva xa que non poderá utilizar elementos compartidos.
- Recorda ao seu fillo que debe utilizar en todo momento a máscara (maior de seis anos) e que só debe quitala no momento que llo permita o profesor. O centro terá máscaras de reposición ante roturas, sen embargo se recomenda que o alumno teña unha reposición propia gardada na súa bolsa de máscara.
- Manda todo o material do seu fillo, incluída a roupa, marcada co seu nome. Recorda que todos os elementos que non teñan nome non poderán ser devoltos a ningún neno aínda que especifiquen que son da súa propiedade.

- Intenta reforzar na casa as normas de hixiene marcadas polo centro. A unión no afianzamento das normas establecidas polo centro será moi importante para a prevención de casos.
- Sempre que o necesitedes poñédevos en contacto co centro para pedir toda información necesaria. Os medios de comunicación do centro serán os mesmos de anos anteriores.